

## ACTA Nº 04/2011

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2011.

#### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior
- 2.- Resolucións da Alcaldía
- 3.- Adopción de acordos, se procede, sobre recurso extraordinario de revisión dos acordos sobre catálogo e valoración de postos de traballo.
- 4.- Moción do grupo municipal do PP sobre garantía o subministro de auga para o Morrazo.
- 5.- Moción do grupo municipal do BNG para a declaración de Moaña como zona non nuclear.
- 6.- Moción do grupo municipal do PP solicitando un local digno para o médico de Meira.
- 7.- Rogos e preguntas.

#### **Asistentes:**

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

#### Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. María Teresa Suárez Riobó

D. Arturo González Pérez

D. Xosé Euloxio Santos Leites

D. José Ferverza Costas

D. Javier Abal Juncal

D. Carlos Trigo Ferverza

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. Rosana Paredes Durán

Dna. Melina Alves Martinez

Na Casa do Concello de Moaña a 31 de marzo do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnenos os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar Pleno Ordinario, anunciado para o día de hoxe. Non están presentes o Concelleiro do PP, D. Abelardo Nahur Currás Vázquez e o Concelleiro do BNG, D. Diego Manuel Riobó Martínez. A Concelleira do BNG, Dna. María Libertad Cruz Couso se incorpora á sesión no segundo punto da Orde do día.

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde sinala que o Concelleiro do BNG, Diego Manuel Riobó Martínez, está ausente por motivos de saúde. A Concelleira do BNG, Sra. Cruz está a chegar. Tampouco está presente o Concelleiro do PP, Sr. Currás.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 03/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2011.

Non hai intervencións, polo que o Sr. Alcalde somete a votación a acta nº 03/11 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 24 de febreiro de 2011, quedando aprobada por oito a favor, dos Concelleiros de BNG, PSOE e INMO. Os Concelleiros do PP non se pronuncian.

## **2º.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

O Sr. Ferverza, Voceiro do PP, pregunta pola resolución nº 128/11 de 9 de marzo sobre a extinción do contrato temporal de Dna. Ana Isabel Fernández Fernández.

O Sr. Alcalde responde que a resolución recolle a rescisión de contrato de unha traballadora laboral temporal que viña desempeñando servizo de limpeza en colexios e instalacións municipais. Contratouse mediante un contrato de acumulación de tarefas debido ás baixas que había no servizo. Unha vez que cesaron esas baixas e se reincorporou persoal entendeuse oportuno rescindir o contrato laboral desta traballadora. Respecto da indemnización por despido, segundo aconsellaron os técnicos, ante a posibilidade de que a traballadora reclamase en Maxistratura e o xuíz puidese declarar o despido improcedente, entendeuse que o máis axeitado era consignar a indemnización na caixa do Xulgado. Desta forma o Concello aforrará respecto do posible pagos dos salarios de tramitación.

(A Concelleira do BNG, Sra. Cruz, incorpórase á sesión).

O Sr. Ferverza afirma que unicamente se ve que a traballadora estaba de baixa no momento do despido. Non entendo a razón do despido. Nós entendemos que as necesidades a cubrís continúan.

O Sr. Alcalde di que o Concello ten problemas económicos. Solo hai crédito dispoñible para o pago das limpadoras que actualmente están contratadas e para outras dúas substitucións.

O Sr. Ferverza pregunta se esta traballadora asinou o finiquito.

O Sr. Alcalde responde que cree que si.

O Sr. Ferverza sinala que é unha traballadora máis que vai ao paro. Gustaríanos saber se se despediu porque non facía falta ou porque estaba de baixa.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Ferverza se quere aclaración respecto dalgunha outra resolución.

O Sr. Ferverza pregunta pola resolución 92/11 de 24 de febreiro sobre recoñecemento da obriga e ordenación de pago en concepto de retribucións do persoal funcionario, laboral e membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial do Concello. Os membros da Corporación exclusiva van percibir cinco mil oitocentos vintenoventa e sesenta e catro céntimos. ¿Quenes son?.

O Sr. Alcalde responde que llo pode preguntar á Interventora.

O Sr. Ferverza afirma que se despide a unha traballadora. Tamén se podería dar o finiquito a algún destes. Despidese a unha traballadora para aforrar seiscentos euros, con estes se

poderían aforrar seis mil euros.

O Sr. Alcalde sinala que comunicará ao Deputado Enrique Vieites que pregunte de qué son os sete mil cincocentos euros. Creo que son dun Deputado Autonómico de Moaña.

O Sr. Fervenza di que o Alcalde se contradí por despedir a unha traballadora por aforrar seiscentos euros.

O Sr. Alcalde respondelle que pode agardar ao 23 de maio para ordealo todo.

O Sr. Fervenza pregunta pola resolución 113/11 de 4 de marzo de 2011, no que se inclúe o pago de trinta e dous mil douscentos dezasete euros e tres céntimos a Marcelino Bértolo en concepto de xuros. Teño aquí unha copia de solicitude do expediente de data 31 de maio do 2010 que entrego ao Secretario e outra solicitude de onte. (Entrega a copia). Pedimos ese expediente xa hai un ano e non se nos facilitou. O volvimos pedir verbalmente en varias ocasións. O volvimos a pedilo onte por escrito. Incluso hoxe a mañá fomos preguntar a Secretaría. Temos o informe do Secretario onde di que a un Concelleiro non se lle pode negar información. Tanto por escrito coma verbalmente. Non sei se nese expediente hai algo que non debamos mirar. Quero pensar que non. Non saio do asombro. Revisamos todas as resolucións e vemos que hai unha na que se recolle unha sentenza de Marcelino Bértolo respecto de un auto de marzo de 2009. Unha sentenza do TSX de Galicia.

O Sr. Alcalde di que é un plan de pagos.

(O Sr. Fervenza procede a dar lectura a un documento asinada polo Concello e a outra parte). Neste documento apróbase unha liquidación de xuros por importe de cento doce mil douscentos dezasete euros e tres céntimos. Determina os pagos a realizar. En setembro de 2009 o primeiro pago, na primeira semana de xaneiro de 2010 o segundo, o terceiro pago na derradeira semana de maio do 2010, prazo este último que non se pagou. Pedimos o expediente o ano pasado e vostede non nolo facilitou. Alcalde, non podes ocultar información. O Concello leva pagado máis de douscentos mil euros. O que tes que facer é deixar ver o expediente. Tiñas que ter feito o pago en maio. Pon o expediente a disposición do PP. Se o fixeras non estaríamos aquí discutindo. Non é normal que se paguen douscentos mil euros. Comprométete a poñer á disposición do PP o expediente. Con douscentos mil euros poderíanse facer moitas cousas.

O Sr. Alcalde responde que xa explicou ao Sr. Fervenza en Pleno e na prensa varias veces. É perdelo tempo.

O Sr. Fervenza pide que se lle facilite o expediente.

O Sr. Alcalde di que de alguén que confunde un plan de pagos cun auto xudicial non se pode agardar moito.

O Sr. Fervenza pide que se lle facilite o expediente. Millán es un embustero.

O Sr. Alcalde afirma que leva aplicando toda a paciencia do mundo durante vintecinco minutos. Sr. Fervenza, non interrumpa, apercíbolle por primeira vez. Pode dicirlle o Secretario qué pasa ao tercer apercibimento. Está a actuar coma un hooligan, coma un gamberro. Estame a interrumpir continuamente sen vir a conto. Vostede pediume unha aclaración. A resolución remata o plan de pagos que se asinou con Marcelino Bértolo, xuros derivados de unha débeda contraída entre 1990 e 2003. O PP, cando accedeu ao goberno no 2003 dixo que refundaba o Concello e que non atendería aos acredores anteriores, obrigando a estos a acudir ao xulgado. Javier Barreiro negou incluso a posibilidade de ir ao xulgado. Marcelino Bértolo non traballou nunca con este Alcalde. As obras as adxudicaron os anteriores e non pagaron. Pagamos cento cincuenta mil euros e logo houbo que facer un plan de pagos de xuros, cento doce mil euros. Retrasouse o último pago un ano, logo de falar co avogado e co empresario. O Sr. Bértolo

confiou en nós, agardou e cobrou. Ao PP parece que lle costa entender que se cumpren os compromisos. Xa sabemos qué pasará se volven acceder ao goberno. Que pague Millán. ¿Algunha aclaración máis?.

O Sr. Fervenza di que ten as actas de todas as comisións de goberno celebradas durante o mandato de Javier Barreiro. Alcalde, vouchas pasar todas. Acordouse o pago entón.

O Alcalde pregunta se se pagou.

O Sr. Fervenza pide respecto. Alcalde cando escondes o viaxe por algo é. As actas están aí. Se non hai ningún problema facilita o expediente.

O Sr. Alcalde sinala que o Sr. Fervenza sacou na prensa a semana pasada información sobre unha sentenza de Segaprel. Diga canto era a sentenza. Dímoslles a sentenza. Foi o notificador á sede do PP e entregouna á súa filla.

O Sr. Fervenza pregunta se ten que mencionar á súa filla. Sempre sacando a familia. Un pouco de educación.

O Sr. Alcalde responde que a menciona porque foi quen colleu a notificación. Vostede, Sr. Fervenza non o fai. Pagouse seis mil seiscientos sesenta e tres euros. Non vai dicilo. Pagáronse hai trinta días.

### **3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS, SE PROCEDE, SOBRE RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN DOS ACORDOS SOBRE CATÁLOGO E VALORACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.**

O Sr. Alcalde informa que en data 17 e 20 de decembro de 2010, os Policías D. Javier Cruz Pena, e D. José Benito Pérez Carrera presentan recurso extraordinario de revisión contra o acordo de aprobación do Catálogo de Postos de traballo do Concello, fundamentándose en que por sentenza xudicial houbo que revisar a valoración da praza de Inspector Xefe e entenden que á vista desa sentenza habería que revisar os postos de policía por entender que non se valoraron axeitadamente. O informe do Secretario relaciona os supostos nos que pode presentarse un recurso extraordinario de revisión segundo a Lei, supostos tasados:

Que ao ditarlos se incurrise en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recurrida.

Que na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuñas declaradas falsas por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución.

Que a resolución se ditase como consecuencia de prevaricación, cohecho, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e se declarase así en virtude de sentenza xudicial firme.

Entende o Secretario que ningún destes apartados concorre a solicitude presentada polos policías. En concreto no informe sinala: *“Entende este informante que procede a inadmisión a trámite dos recursos extraordinarios de revisión interpostos por D. Javier Cruz Pena e D. José Benito Pérez Carrera contra o Catálogo de Funcións e Valoración de Postos de Traballo do Persoal Funcionario e Laboral Fixo do Concello de Moaña, por entender que non se axustan a ningún dos supostos previstos na Lei para a interposición deste recurso especial. A competencia para adoptar o acordo pertinente corresponde ao Pleno Municipal por selo órgano que aprobou o acordo de aprobación do documento impugnado.”* En conclusión, entende que non procede a admisión a trámite dos recursos, polo que a proposta é

esa, inadmitir a trámite os recursos extraordinarios de revisión presentados polos Policías, D. Javier Cruz Pena, e D. José Benito Pérez Carrera contra o acordo de aprobación do Catálogo de Postos de traballo do Concello.

O Sr. Ferverza, Voceiro do PP, sinala que cando se aprobou a Catalogación algúns aspectos non nos parecían correctos. Por sentido de coherencia co votado previamente, ímonos abster.

Seguidamente, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía sobre os recursos extraordinarios de revisión contra os acordos sobre catálogo e valoración de postos de traballo, aprobándose, polo resultado de nove votos a favor, cinco dos concelleiros do BNG, tres dos concelleiros do PSOE e un do Concelleiro de INMO e seis abstencións dos Concelleiros do PP, o seguinte acordo:

UNICO.- Inadmitir a trámite os recursos extraordinarios de revisión presentados polos Policías, D. Javier Cruz Pena e D. José Benito Pérez Carrera contra o acordo de aprobación do Catálogo de Postos de traballo do Concello, de conformidade co disposto no artigo 119 da LRX-PAC, por entender que o recurso non se basea en algunha das circunstancias motivantes do recurso previstas no artigo 118, desta Lei.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE GARANTIA DO SUBMINISTRO DE AUGA PARA O MORRAZO.**

O Sr. Ferverza, Voceiro do PP, Grupo asinante da moción, di que a moción xa se presentou o 3 de marzo ante as dificultades xurdidas cas obras de subministro de auga ao Morrazo. Unicamente se están a buscar excusas para atrancar as obras da Xunta.

(Seguidamente o Sr. Ferverza da lectura á moción):

#### **“MOCIÓN PARA GARANTIZAR O SUMINISTRO DE AUGA PARA O MORRAZO**

O Grupo Municipal do Partido Popular de Moaña, presenta, presenta a seguinte MOCION, coa seguinte;

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS:**

Todos temos moi claro que por riba de criterios políticos o mais importante é o benestar dos veciños e sabemos que un dos problemas cos que conta o Concello de Moaña é o suministro de auga, de ahí que sexa unha obra moi importante par aos veciños de Moaña, duplicar o emisario de auga submarino entre Vigo e o Morrazo.

A mediados do mes de Febreiro momento en que Augas de Galicia, empresa encargada de acometer as obras, tiña a entención de comenzalas, atopouse coa actuación irresponsable do alcalde de Vigo, Abel Caballero quen paralizou as mesmas, por intereses meramente partidistas e por diferencias políticas sendo unha vez mais os veciños os que sufren as consecuencias dos actos do PSOE.

Criticamos que Abel Caballero nin sequera aposta polos seus veciños, posto que cabe lembrar que son moitos os veciños da cidade olívica que ou ven residen ou veranean no noso Concello.

Consideramos que o Goberno de Vigo presidido polo BNG e PSOE está xogando cos prazos de esta obra e coa calidade de abastecemento de auga para uns 70.000 veciños en temporada estival e será o único responsable do retraso nos traballos e nos posibles problemas de suministro.

Considerando que o goberno vigues pon el perigo o suministro da auga a os municipios do outro lado da ría, e polo que o Partido Popular de Moaña presenta ao pleno da corporación os seguintes:

### **ACORDOS:**

**PRIMEIRO:** Instar ao Concello de Moaña a que se diriga ao Alcalde de Vigo para que deixe de poñer obstáculos e non impida a Xunta executar as obras de abastecemento de auga para o Morrazo.

**SEGUNDO:** Instar ao Concello de Moaña a facer un chamamento a os veciños de Moaña para participar na mobilización pola dignidade de Moaña e do Morrazo fronte ao desprezo do Alcalde de Vigo, Abel Caballero ao suministro de auga para o Morrazo.”

O Sr. Fervenza engade que estiveron mirando o que ía saíndo na prensa. O que ollamos é que Caballero platexa facer Vigo a costa de moitos veciños do Morrazo. Que deixe de poñer trampas ao proxecto. Cada día saen argumentos diferentes: que un by-pass, que a urbanización das rúas de Vigo... E a todo isto xa temos o verán enriba. Nunha Xunta de Goberno do Concello de Vigo, no que se adoptaron unha serie de acordos ao respecto.

Hoxe saíu na prensa que Caballero recibirá a Millán pero que Clara non irá. Tamén se di que a Concelleira de obras de Vigo remite á Xunta unha orde de suspensión das obras. Agardemos que vostede, Alcalde, acade un mellor resultado que o Tenente de Alcalde. Que o Concello de Vigo deixe de poñer obstáculos.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, afirma que non lle vai sacar as castañas do lume a Caballero, que emprega aos veciños do Morrazo coma reféns, xogo ao que se presta a Xunta se se observan algunhas declaracións do Concelleiro de Medio Ambiente. É grave que se argumente que se incumpre un plan de tráfico para suspender as obras, algo que se pode solucionar colocando unhas sinais. Eles non son os donos da auga. E logo falan de área metropolitana. Á marxe diso, a moción ten tela. No segundo punto da moción fai unha chamada a manifestarnos. Qué terían que facer os veciños de Broullón ou da Paradela que levan tempo pendentes de que a Xunta remate as obras de abastecemento. Se a moción se queda no primeiro punto a apoiaría. O segundo punto ten un tufillo electoral.

Non hai máis intervencións, e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PP sobre a garantía do subministro de auga para o Morrazo, rexeitándose polo resultado de seis votos a favor, dos representantes do PP e oito votos en contra cinco dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE, e un do representante de INMO.

### **5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DECLARACIÓN DE MOAÑA COMO ZONA NON NUCLEAR.**

O Sr. Rodas, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Concelleiro do BNG, afirma que volve a xurdir o problemática sas nucleares logo do desastre de Xapón. Na sociedade está

latente a preocupación pola seguridade. Unha enerxía que non é segura. Aquí levamos tempo de mobilizacións. Cando se tentou instalar en Xove nacionalistas e ecoloxistas opuxémonos. Ou cos vertidos na fosa atlántica, onde están acumuladas cento corenta mil toneladas de residuos tóxicos. O desastre de Fukushima abre novamente o debate. A nuclear non é enerxía renovable. O uranio ten unha duración ata o 2035. Un perigo serio para a saúde humana e todo o ecosistema. Enerxía altamente contaminante e economicamente inviable.

A continuación, o Sr. Rodas procede á lectura da moción:

## **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os efectos sísmicos sobre a central nuclear de Fukushima, no norte do Xapón, obrigaron ás autoridades a declarar o estado de “emerxencia de enerxía nuclear”, producíndose fugas radioactivas, a evacuación de máis de 200.000 persoas en case 40 kms. á redonda e continuando latente o risco de fusión atómica e a explosión do propio reactor nuclear que desencadearía un accidente nuclear fatal a nivel mundial.

Traxedias e accidentes como os ocorridos nas centrais nucleares de Chernóbil, Three Mile Island-Harrisburg en Estados Unidos ou Vandellós-I en Catalunya, que obrigou neste caso ao seu peche definitivo, poñen de manifesto que ningún reactor nuclear é seguro e que a enerxía nuclear carece das garantías ambientais e de seguridade esixíbeis, alén de que non é necesaria para facer fronte ás necesidades enerxéticas de Galiza ou do Estado español.

O pobo galego tense manifestado historicamente contra os intentos de instalar centrais nucleares no noso País. A finais dos anos setenta do século pasado non só se freou a intención de construír unha central en Xove, senón que sentaron as bases para un consenso social contrario a estas instalacións no noso territorio. Foi dende aquela que as ideas e posicións antinucleares se asumiron como maioritarias na nosa sociedade.

Ademais, hai que lembrar que Galiza ten sufrido un dos máis graves problemas derivados da enerxía nuclear ao acoller fronte ás súas costas, a comezos dos anos 80, un vertedoiro de miles de toneladas de residuos radioactivos que contou coa forte oposición do pobo galego e das súas institucións locais, conseguindo paralizar os vertidos na Fosa Atlántica.

A finais do século pasado estivo presente novamente o debate nuclear cando os intentos de ENRESA de situar un cemiterio nuclear no noso País, mais felizmente desbotado, grazas a unha conciencia cidadá contraria á nuclearización.

Galiza non necesita ningunha central nuclear. O noso país exporta na actualidade máis da terceira parte da electricidade que xenera. Os galegos e galegas poderíamos satisfacer as nosas necesidades de electricidade cun baixo impacto ambiental promovendo o aforro e a eficiencia enerxética, desenvolvendo con garantías de respecto ao medio natural as enerxías renovábeis.

A enerxía nuclear non é o futuro e atópase en declive practicamente en todo o mundo, e non representa unha enerxía respectuosa co medio ambiente e coa saúde das persoas. As centrais nucleares contaminan en todas as fases e supoñen un risco evidente e contrastado para a saúde das persoas, sobre todo en caso de accidentes. O problema de tratamento dos residuos segue pendente, dado que manteñen a súa radioactividade e perigo durante 250.000 anos.

É falso que a enerxía nuclear sexa un medio máis barato para a produción de enerxía eléctrica. É preciso calcular o custe incluíndo todo o proceso, que vai desde a extracción do uranio, o seu enriquecemento, as propias centrais nucleares, o reprocesamento do combustíbel e a xestión de residuos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

1. Declarar o noso concello como zona desnuclearizada.
2. Adherirmonos como Corporación municipal ao acordo do Parlamento de Galiza de 6 de setembro de 2006,

Instando á Xunta de Galiza a que:

- Se dirixa ao goberno do Estado para que se leven adiante as actuacións necesarias co fin de que Galiza sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.

O alcance desta declaración implicará:

- A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.
- A prohibición de que en Galiza se constrúan centrais nucleares.
- Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de incrementar o uso de enerxías renovábeis no noso modelo enerxético.

3. Comunicar este acordo aos grupos parlamentares no Parlamento de Galiza.”

O Sr. Fervenza, Concelleiro do PP, afirma que non queren ningunha central atómica. Daniel, imos apoiar a moción pero calquera se fía de vós.

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG para a declaración de Moaña como zona non nuclear, aprobándose por unanimidade dos Concelleiros asistentes cos seguintes acordos:

1. Declarar o noso concello como zona desnuclearizada.
2. Adherirmonos como Corporación municipal ao acordo do Parlamento de Galiza de 6 de setembro de 2006,

Instando á Xunta de Galiza a que:

- Se dirixa ao goberno do Estado para que se leven adiante as actuacións necesarias co fin de que Galiza sexa de maneira efectiva territorio desnuclearizado.

O alcance desta declaración implicará:

- A prohibición de localizar no territorio galego un cemiterio nuclear ou depósitos de almacenamento de residuos nucleares.
- A prohibición de que en Galiza se constrúan centrais nucleares.
- Continuar co impulso de políticas de aforro e eficiencia enerxética, ademais de incrementar o uso de enerxías renovábeis no noso modelo enerxético.

3. Comunicar este acordo aos grupos parlamentares no Parlamento de Galiza.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO UN LOCAL DIGNO PARA O MÉDICO DE MEIRA.**

O Sr. González, Concelleiro do PP, Grupo asinante da moción, afirma que o PP presenta esta moción a petición dos veciños e da Plataforma. Alcalde, vostede non lle fai caso a ninguén.

(Seguidamente, o Sr. González da lectura á moción):



## **“MOCIÓN PARA SOLICITAR UN LOCAL PARA A SANIDADE DOS VECIÑOS DE MEIRA**

O Grupo Municipal do Partido Popular de Moaña, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

### ***Exposición de Motivos***

Os veciños de Meira puxeron en coñecemento do Partido Popular que unha das suas maiores preocupacións é o médico de Meira.

En numerosas ocasións os veciños de Meira mostraron o seu mal estar polo local donde o médico presta os seus servizos por non ter unha consulta en condicións e non poder prestar o seu traballo dignamente.

Os veciños de Meira quixeron lembrar ao Partido Popular que dende o ano 2007 levan sufrindo problemas e dificultades para ter un servizo en condicións e que polo tanto acarreou días sen servizo médico.

En tempos do bipartito, en Agosto do ano 2007 comenzo a ver como dende o SERGAS deixaban tirados a os veciños de Meira, sen ningún tipo de previo aviso, e sobre todo ante a pasividade de Millán e Pastoriza dende o Concello de Moaña.

Os veciños de Meira xa dende aquel entón mantiveron varias reunións co señor Millán pedindo que como alcalde, instase a Xunta do Bipartito e ao Sergas que fixeran as xestións oportunas para non volver a sufrir días sen atención sanitaria en Meira.

O señor Alcalde prometeulles facer as xestións necesarias e comprometeuse a que non volveríamos a quedar sen médico en Meira, pero faltaron tan so uns meses para ver que esas xestións non deran o seu fruto, posto que en Outubro do 2007 os veciños volveron a quedar sen médico.

O principal problema existente, é a precaria situación do local, e os veciños alegan que ao médico non lle permite facer o seu traballo en condicións.

Sabido isto os veciños preocupáronse por buscar un local alternativo, preto do existente e en mellores condicións para levar a cabo un bo servizo.

Dende novembro do 2008 os veciños levan demandando do concello que faga as xestións oportunas para levar a cabo o traslado, pero non se obtivo resposta por parte de Millán e Pastoriza chegando a ter os veciños que manifestarse para facerse escoitar.

O 25 de Novembro do 2008, a Plataforma da Sanidade reuniuse co tenente Alcalde Victor Pastoriza *quen asegura que o precio do local non é o problema*, pero pasaron os meses e os veciños comprobaron como non se adquire o novo local.

Sen embargo o 10 de Decembro, o señor Alcalde Millán Otero, decía en prensa que: “*son dúbidas as posibilidades*” de alugar un novo local *poñendo como motivo o precio do aluguer*.

Non entendemos como o Tenente alcalde manifiesta unha cousa e o Alcalde di outra días despois e mentres os veciños de Meira e o seu médico seguen en precarias condicións.

Os veciños negociaron co propietario de un inmoble preto da farmacia de Meira para ubicar o novo local para o médico chegando a o precio de 600 euros ao mes, e o Alcalde asegurou en Febreiro do 2009 que estaba disposto a aceptalo.

En Marzo do 2009 os técnicos municipais visitaron o novo local, con instalacións o dobre de grande co anterior e Millán decía en prensa que en breve asinaría o contrato coa propietaria.

Dende o Sergas pediron unha serie de melloras no local que ascenden a 21.000 euros e o goberno municipal despois de darlle voltas e largas, e sabendo que se vai gastar 31.000 € nun local para fisioterapia e odontoloxía que podía saír gratuito non fai ningún tipo de obra, o que nos parece inxusto.

En Xuño do pasado ano 2010 Millán pon como escusa que non están aprobados os orzamentos para o ano 2010 e que polo tanto non hai crédito para facer fronte a esas obras.

Pasou o ano 2010 sen orzamentos e estamos no ano 2011 e tampouco existe partida orzamentaria prevista para esta obra.

Lembramos que en Febreiro do 2011 cumprense dous anos dende que Millán dixera públicamente en prensa que estaba disposto a facer os trámites para alugar o local e todavía estamos tendo unha sanidade precaria.

Por todo o anteriormente e polo que O Partido Popular, a petición da Asociación de Veciños de Meira, presenta ao Pleno da corporación o seguinte:

#### **ACORDO:**

**Primeiro:** Que antes do 22 de Maio do presente ano 2011, os veciños de Meira poidan contar e ser atendidos nun local digno para que o médico poida seguir atendendo a os veciños.”

Finalmente o Sr. González pide ao Sr. Alcalde que por unha vez sexa razoable e vote a favor da moción ou no seu caso, explique por qué non contratou a aluguer do local.

A continuación o Sr. Alcalde cede a palabra aos veciños que o teñen solicitado previamente.

D. Valentín Rodríguez Pérez di que sería de agradecer que o local se acadase de unha vez por todas. O problema non deben ser os cartos. Espero que algún día e por unha vez se

acorden dos vellos. O local que temos agora non é nada. O mundo anda e desanda e pode non volver andar.

Dna M<sup>a</sup> Luz Maya Santomé afirma que os veciños de Meira teñen tanto dereito a ter un centro médico coma os de Domaio ou de Moaña. Incluso un clube de xubilados. Solo nons teñen en conta á hora de pagar ou de votar. Nun pleno o Alcalde dixo que estaba equivocada. Agora dígoche que todos estabades errados. Había un erro no plano.

D. José Manuel Santomé Currás sinala que é triste de que logo de falar co Alcalde tivese que ser un Grupo Político o que presentase esta moción. Logo do que se leva falado deste local estanse a rir dos veciños de Meira. Logo do que se acordou. Agora vennos co dos vinte un mil euros. Algo que poderían facer os operarios do Concello sen custo algún. O Alcade díxonos aquí que en quince días se faría algo. Dous meses e medio despois dixo que nos esquecáramos diso. Cando os veciños criticaban defendín ao Alcalde. Foi unha decepción. Sen entrar en batallas políticas. Parece mentira que haxa aquí xente de Meira que non movese un dedo por nós. Aos veciños solo lles direi que en maio temos eleccións. Sen manifestacións e insultos.

O Sr. Alcalde responde que a moción a presenta quen a traballou. Esta moción ven a destempo. Os veciños poderán pronunciarse e votar o que queiran.

Dna. María Luisa Fervenza Curro di que a palabra do Alcalde vale cero. Os veciños demostraran nas urnas. E o problema é económico para pagar tres exclusivas non hai problema ningún e para o que están a facer non merecen cobrar nada. O consultorio médico de Meira é unha prioridade pero para o Alcalde non.

O Sr. Alcalde responde que a Sra. Fervenza pode dicir a Mari Carmen que entre as dúas poden arreglar o baixo. Iso pódevos favorecer.

A Sra. Fervenza di que o Alcalde é un sinvergónza. Millán exerce de alcalde non de paiaso.

O Sr. Alcalde responde que a función da Sra. Fervenza é ser manceba da farmacia.

A Sra. Fervenza afirma que ela non propuxo o baixo.

Dna. Elvira Santiago García di que o problema do médico, aparte de que o local sexa axeitado, é o problema do acceso. O acceso que hai é complicado para persoas maiores ou para discapacitados. Non hai unha rampa. Pódese ir facendo pouco a pouco. Á marxe de acondicionar o local e de que conte cunha hixiene correcta.

(A continuación, o Alcalde cede a palabra aos representantes dos Grupo Políticos).

O Sr. Piñeiro, Voceiro do BNG e Concelleiro de Urbanismo, afirma que nas comisións informativas de urbanismo sempre se informou sobre o estado das negociacións respecto do local. É curioso que un local que alugou o PP no ano 2000 agora resulta indigno. Valoramos as posibilidades de mellorar o local. A mellora estimábase en seis mil euros. Naquel momento estabamos dispostos a afrontar ese gasto. Xurdiu a posibilidade de un local alternativo a carón da farmacia. Podían abrir unha fiestra dende a farmacia. Á persoa que o propuxo lle importaba un bledo a seguridade dos veciños.

A Sra. Fervenza pregunta ao Sr. Piñeiro se sabe quen propuxo ese local. Non che convén sabelo.

O Sr. Alcalde sinala que leva ano e medio dicindo que non se pode gastar vinte un mil euros no local por capricho do Sergas. Parécenos un gasto inútil. Os veciños teñen unha Casa do Mar con todos os accesos. No ano 2007...

(Parte dos veciños asistentes protestan).

O Sr. Alcalde pregunta se lle van deixar falar.

(O Sr. Trigo, Concelleiro do PP, abandona a sala nese momento).

O Sr. Piñeiro afirma que o PP pode estar orgulloso do que sementou. Nunca mirei que se degradase o ambiente tanto. Fervenza, ¿esta é a súa aportación?, traer a esta xente. Respecto deste local, vinte un mil euros parécenos excesivo. Os técnicos do Sergas sinaláronnos todo o que había que facer no local, e valoramos todas esas actuacións en vinte un mil euros. Xa dixemos dende un principio que iso non o podíamos asumir. Dixemos ao propietario do local que se asumía as reformas incrementariámoslle o aluguer. O propietario dixo que non o alugaba de ningunha maneira. Resulta chocante que se diga que se é apolítico e logo según se actúa. Co Bipartito na Xunta fixestes unha manifestación, iso habería que facelo agora cando o Sergas non pon médico. Xa temos a Casa do Mar. O Concello está por facer un centro de saúde. Isto é un paripé do PP.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que por respecto ás persoas que defenden esta demanda que lle consta que actúan de boa fe, pero a competencia sanitaria corresponde á Xunta que conta con todos os recursos. A Xunta nunca sinalou médico para Meira. Solo algún médico atende de forma voluntaria. Correspóndelle ao Sergas como órgano competente. En tanto en canto non supuxera un maior esforzo económico para o Concello apoiariámos un cambio de local, pero non podemos asumir un euro máis. O Sergas non ten asinado médico ao Consultorio de Meira.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, afirma que quere intervir por alusións. Valentín, comportáchede con Javier Barreiro coma un mercenario. Persegúechelo a el e á súa familia. Un alcalde elixido polo pobo. Fuches un verdadeiro mercenario.

O Sr. Alcalde responde que mercenario non, despedido por represalia política por ser membro do Comité de Empresa.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, pregunta por qué ten que ser antes do 22 de maio. ¿Vai ligado á designación do Alcalde?

D. José García Martínez afirma que levan dous anos e medio con isto. Fumos a Vigo, ao Sergas. Negociamos que non se ía sacar o médico. Se comprometeron a manter o médico e o Concello melloraría o local, que aquel local non valía. Fóronse mirar outros locais. Foron os peritos. Deuse largas, que vinte un mil euros que non temos... Nós sempre actuamos pacificamente, ata que un día, en decembro, viñemos ata aquí a ver se se arreglaba. Chegamos á porta e vostede, Alcalde, dínos que o de Meira acabouse, que non se ía facer. Non se chegou a ningunha solución. Ixo xa tiña que dicilo dous anos antes. Presentamos unha moción, rexeitárona porque aínda non se constituíra a asociación. Presentamos outra moción asinada polos dous, tampouco se incluíu neste Pleno. Valentín, a casa do médico de Meira fíxose no ano 80. Daquela valía calquera local. Non había nada.

O Sr. Alcalde responde que leva dicindo que nesas condicións a obra é imposible dende hai ano e pico. Un gasto mínimo de vinte un mil euros. Habería que derribar unha parede de contención e refacer unha vivenda. No Sergas aplican os criterios que queren. Optamos ou porque o faga o Sergas e o Concello pague o aluguer, limpeza do local, luz e auga ou que o asuma a propiedade e nós pagamos o aluguer durante cinco anos. Propuxemos un centro sen uso en Cadabón. Non quixeron porque non era Meira. Fixemos todas as propostas para chegar a un acordo e non foi posible. No ano 2009 non houbo médico en Meira. Os veciños viñeron aquí. No 2010, o mesmo. Estivo aberto o local sen ninguén e non houbo queixa. Cando estivo o Bipartito sempre houbo médico e houbo manifestacións. Á marxe de politiques podemos sentarnos e buscar unha solución razoablemente económica para o Concello, per non esa solución. Son seiscentos euros de aluguer. Se engadimos a repercusión de vinte un mil euros en sesenta meses serían máis de mil euros. Que o Sergas faga unha nova valoración das

actuacións a acometer. Votamos en contra, pero cas persoas razoables seguiremos a falar. Respecto do local que está ao lado da farmacia o tema está pechado, o propietario non quere.

O Sr. García afirma que conseguiron que se rebaixara o prezo a seiscentos euros. De aí a uns días pedimos a chave aos propietarios. O Sergas pedía moito pero ca metade podería valer. Pero agora todo iso quedou en nada.

O Sr. Alcalde responde que o Concello nunca podería asumir un aluguer de novecentos cincuenta euros. Vostedes falaron e o propietario aceptou reducir o prezo. Por iso nós miramos, fumos ata alí. Valoramos en seis mil euros. Podemos reunirnos e seguir a traballar na busca dunha solución máis razoable economicamente.

O Sr. González sinala que pediu ao Alcalde que fose razoable pero non aclarou nada. Mintiron aos veciños dende o primeiro día. Díciron que ían poñer o local. Valentín díxolles que xa pediran presuposto para iso, dende o primeiro día.

O Sr. Piñeiro di que non é verdade.

O Sr. González afirma que o Goberno Municipal dixo, ca outra Xunta que o local era inviable. Con esta Xunta dixestes que podía saír cun pequeno arranxo. A sanidade en Moaña é competencia do Alcalde.

O Alcalde responde que iso non é verdade. ¿A sanidade competencia do Alcalde?

O Sr. González afirma que o que ten que facer o Alcalde é presionar. Non fagades demagogia. Dicir que non hai vinte un mil euros do Concello. estanse a gastar trinta e un mil euros ao ano nese local de aí arriba. O local de Meira é un local ao que vostedes se comprometeron.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada polo Grupo Municipal do PP solicitando un local digno para o médico de Meira, rexeitándose por cinco votos a favor, dos representantes do PP e nove votos en contra, cinco dos representantes do BNG, tres dos representantes do PSOE e un do representante de INMO.

## **7.- MOCIÓN DE URXENCIA DA PLATAFORMA DA SANIDADE DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde sinala que se presenta esta moción por vía de urxencia. Falouse cos Voceiros dos Grupos. Se o consideran oportuno se inclúe na Orde do día.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, sinala que acaban de coñecer a moción.

D. Francisco Ferreira Lorenzo, Voceiro da Plataforma, sinala que a decisión se tomou o martes á noite. A urxencia ven derivada da necesidade da inmediatez do problema a da necesidade de que se trate antes da constitución da nova Corporación.

A continuación se somete a votación a inclusión da moción na Orde do día, aprobándose por unanimidade dos Concelleiros presentes.

O Sr. Ferreira afirma que vense detectando un un incremento alarmante na lista de espera do servizo de radioloxía de Cangas. As solucións adoptadas suporán un incremento da demanda, e con iso a necesidade de máis profesionais para atender a ese incremento.

A continuación, o Sr. Ferreira, procede a dar lectura ao texto da moción:

“María Boubeta Pena, con DNI 35.897.654J, no nome da Plataforma da Sanidade de Moaña, propón ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación da seguinte

### **MOCIÓN**

Desde fai varios meses os usuarios da sanidade pública de Moaña somos redireccionados ao Centro de Saúde de Cangas para o servizo de radioloxía, atención que se nos daba ata o de agora no Centro de Especialidades de A Doblada, en Vigo, o que supón un avance na política de “proximidade” dos servizos sanitarios reivindicada permanentemente por esta Plataforma.

Pero esta medida tomada dun xeito aillado estáse a transformar nun auténtico problema para todos os afectados do Morrazo ao duplicarse practicamente o número de persoas que acudimos á unidade de raios de Cangas, xa que segue a contar cos mesmos recursos materiais e humanos que antes de tomar esta decisión, así as demoras incrementáronse notablemente, acadando neste momento os 20 ou 30 días de espera.

Por todo o exposto, a Corporación Local de Moaña

### ACORDA

Dirixirse ao SERGAS para

1. Que de forma inmediata tome as medidas oportunas para resolver o importante incremento das listas de espera que se están a producir no servizo de radioloxía de Cangas na medida que atende a todos os usuarios do Morrazo Sur (Cangas e Moaña).
2. Que se impulse o proxecto de construción do Centro de Alta Resolución do Morrazo, prometido e incomprensiblemente paralizado neste momento, no que se contemplaba a inclusión da especialidade de radiodiagnóstico, e que se configura como a solución de fondo a esta e outras carencias de servizos especializados que proporcionen aos veciños e ás veciñas do noso concello unha atención sanitaria digna e de calidade.”

Finalmente, o Sr. Ferreira engade que os acordos que se inclúen na moción responde a dúas cuestións importantes, ante o incremento das listas de espera e a necesidade de que se impulse o proxecto de construción do centro de alta resolución.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que van apoiar a moción. Son positivas calquera das melloras que supoñan aforro en tempo e cartos, pero xa comentei a Maruxa que a ambición do PSOE, unha vez solventado o problema de atención primaria, é que a comarca conte cun servizo de especialidades e urxencias. O noso apoio á moción.

Non se suscitan máis intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción presentada pola Plataforma da sanidade de Moaña, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

- Que de forma inmediata tome as medidas oportunas para resolver o importante incremento das listas de espera que se están a producir no servizo de radioloxía de Cangas na medida que atende a todos os usuarios do Morrazo Sur (Cangas e Moaña).
- Que se impulse o proxecto de construción do Centro de Alta Resolución do Morrazo, prometido e incomprensiblemente paralizado neste momento, no que se contemplaba a inclusión da especialidade de radiodiagnóstico, e que se configura como a solución de fondo a esta e outras carencias de servizos especializados que proporcionen aos veciños e ás veciñas do noso concello unha atención sanitaria digna e de calidade.

O Sr. González, Concelleiro do PP, pide facer unha precisión. Onde dixeron que a sanidade é competencia de Alcalde referíame a que é o principal responsable das actuacións no ámbito municipal.

#### **7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se suscitan intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**